

## INFORME SATISFACCIÓN CURSOS FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN 2022

### NOTA ACLARATORIA:

Seguimos aplicando os **protocolos Covid19** adoptados no ano 2020 para frear a propagación da COVID19, que implican a **restrición no acceso** aos espazos físicos dispoñibles, ofrecendo menos prazas por curso ou mantendo o desdoblamento de accións formativas, para evitar a concentración de persoas nun mesmo lugar.


Estas medidas seguirán no ano 2022, xa que estaban contempladas nos proxectos presentados a subvencións no ano 2021 e que se aprobaron para realizar durante o 2022.

## INFORME AVALIACIÓN DE SATISFACCIÓN DOS ALUMNOS/AS DE CURSOS DA FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN ANO 2022

### COMPOSICIÓN E IDADE DO ALUMNADO


Fixéronse **597 cuestionarios**, entre os cursos da Fundación, o que supón unha diminución do 6% respecto dos realizados o ano anterior (635), contando cun total de **587 alumnos/as**, un 27% máis que o ano pasado (463).

Os test realizados distribúense da seguinte maneira:



Atendendo ás áreas de actividade da Fundación as persoas usuarias enmarcaríanse en:


**Nº PERSOAS ENQUISADAS POR ÁREA DE ACTIVIDADE**



A idade media do alumnado que contestou os cuestionarios é de 41,5 anos para os distintos cursos ofrecidos pola Fundación (os datos pondéranse segundo o nº de homes e mulleres que hai nos distintos cursos e áreas de formación).


Os alumnos homes de máis idade, déronse na formación impartida na área de Igualdade cunha media de 47,6 anos, e as mulleres tamén con 44,6 anos. Os homes máis novos atopámoslos na área de Formación Laboral, con unha media de idade de 38,6 e as mulleres con 35 anos atopámoslas na área de Intervención en Medio Penal.

**IDADE MEDIA DO ALUMNADO**



A seguinte gráfica mostra a media de idade desagregada por programas, proxectos ou actividades:

IDADE MEDIA DO ALUMNADO POR ÁREAS, PROGRAMAS, PROXECTOS



As persoas de menos idade estiveron no Punto Formativo Incorpora, na formación impartida polo programa Itinere en prisión e no proxecto Olimpia. As persoas con máis idade déronse no programa Achégatega á Rede, no Ciber Emprego e Dana.


## AVALIACIÓN ÍTEMS TOTAIS DOS CURSOS

A avaliación conxunta de todos os cursos da Fundación ofrece os seguintes resultados: case todos os ítems foron valorados de forma positiva por encima do 90% (Satisfacción Alta+Moi Alta).

Resaltan de todos eles, con máis do 99% “O profesorado expresou interese ofrecéndolle un trato que lle brindou confianza”; con 98% síguelle “O profesorado dominaba os temas”, “O profesorado explicaba con claridade” e con máis do 97%, “O material e documentación entregada foron axeitados e “O curso proporcionou coñecementos adecuados e actualizados”


Entre o menos valorado con máis do 11% de (satisfacción Moi Baixa+Baixa) “o número de horas...” xa que se demanda maior duración dos cursos, seguido do 8,2% “As condicións do local foron as idóneas para a aprendizaxe”, hai que ter en conta que algunhas formacións fanse fora das instalacións da entidade, tamén o mantemento dos protocolos Covid, aínda en 2022, obrigaron a ter ventás ou portas abertas para que houbera ventilación, tendo que soportar frío no inverno ou correntes de aire e pola contra houbo que soportar olas de calor na primavera e verán; En terceiro lugar cun 6,7% “O contido do curso é útil para a súa incorporación ao mercado laboral /ou incorporación social”.

### ÍTEMS FAVORABLES E DESFAVORABLES CURSOS




## AVALIACIÓN POR BLOQUES DOS CURSOS

A valoración final media de satisfacción Alta+Moi alta supera o 96%. Agrupando por bloques as diferentes cuestións, obtemos que o nivel de satisfacción supera nas 4 categorías o 94%, sendo o máis valorado “o trato recibido”. Pola contra o menos valorado, foi “Os Materiais”.




Todas as áreas de actividade teñen unha satisfacción por riba do 95%, sendo a máis valorada a área de Intervención Social cun 98,56% de satisfacción Alta+Moi Alta.

## SATISFACCIÓN POR ÁREAS DE ACTIVIDADE



Se desagregamos o nivel de satisfacción por áreas, programas, proxectos e actividades se aprecian os resultados seguintes:


SATISFACCIÓN FORMACIÓN DESAGREGADA POR ÁREAS, PROGRAMAS, PROXECTOS E ACTIVIDADES



A formación que acadou un nivel máis alto de satisfacción foi a impartida polo programa Cormo, en especial a formación impartida aos Coidadores de Barrio. Na área de Intervención en Medio Penal a maior satisfacción alcanzouse na formación en competencias clave y programa Abeiro financiado pola Fundación Barrié. Na área de Igualdade, lévase un 98% de maior valoración a formación do programa Achégate á Rede de poderamento dixital dirixido a mulleres.

## COMPARATIVA BLOQUES ANOS 2020-2022


A cualificación Favorable inclúe os criterios satisfacción “moi alta+alta” e Desfavorable inclúe os criterios de satisfacción “moi baixa+baixa”, observamos que a evolución obtida nos diferentes bloques dos exercicios 2020 ao 2022, mantense moi por encima do obxectivo do 90%.



## AVALIACIÓN ALUMNADO DA FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN

O alumnado enquisado avaliou á Fundación Érguete de forma positiva, alcanzando unha satisfacción alta+moi alta de entre o 94% e 97%, coas instalacións, a atención recibida así como co grao de satisfacción polos servizos recibidos.


### SATISFACCIÓN COA FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN



## PUNTACIÓN XERAL DOS CURSOS FUNDACIÓN


A valoración media global dos cursos da Fundación é de **9,1 sobre 10**. Os cursos máis valorados foron os da área de Intervención Social, superando a maioría o 9.

### VALORACIÓN MEDIA FINAL POR ÁREAS DE ACTIVIDADE (Escala 1-10)





A puntuación desagregada por Áreas, programas, proxectos e actividades pódese ver na seguinte gráfica:



As formacións con mellor puntuación foron: a do programa Corno cun 9,8, dirixida aos Coidadores de Barrio, coa mesma puntuación o proxecto Olimpia, da área de Igualdade; seguidas da formación impartida polo programa Sísifo da área de Intervención Social.

## RESPUESTAS DE LIBRE OPINIÓN

As seguintes gráficas recollen o máis valorado, o que se podería mellorar e outras suxestións do total de cursos 2022. Tendo en conta que cada persoa pode dar varias respostas, pero non todas as persoas responden a esta parte do formulario, o resultado dos 597 cuestionarios cubertos dá o seguinte reparto de cuestións de libre opinión:


- O que máis me gustou: 1384
- O que se podería mellorar: 672
- Suxestións: 4

Os resultados obtidos exprésanse en % e están ponderados en relación aos seus programas, áreas e o total da Fundación.

### O máis valorado dos cursos


As 1384 opinións distribúense como mostra a gráfica:

**% Opinións por Áreas de Actividade  
"O que máis me gustou"**



Destaca como o máis valorado “a paciencia, dedicación e claridade docente” con máis dun 26% e o “trato recibido pola/o docente” con máis dun 25,7%.


## O QUE SE PODERÍA MELLORAR (CURSOS)



## O que se podería mellorar dos cursos


As 672 opinións proceden das seguintes áreas:

### % Opinións por Áreas de Actividade "O que podería mellorar"



Entre os ítems a mellorar, comúns a todos os cursos, atopamos en primeiro lugar “máis horas” con 38%, seguido de “Máis exercicios/prácticas” 23% e “máis contidos” con 20%; En todas as áreas excepto Intervención con 4,7% melloraría o “Máis docentes”; na área de Formación Laboral, un 0,3% pedía “máis temperatura na aula”.


### O QUE SE PODERÍA MELLORAR (CURSOS)



### Suxestións

As 4 opinións proceden da formación impartida nas seguintes áreas:

**% Opinións por Áreas de Actividade "Suxestións"**



As suxestións ofrecidas polo alumnado no ano 2022, son minoritarias (tan só 4 dos 597 cuestionarios cubertos). Con 2 na área de Intervención Social interese por “Tratar temas de violencia en adolescentes”, e os outros están na área de Formación Laboral e intervención en Medio Penal.

### SUXESTIÓN (CURSOS)

